


## OBRA COHERENTE

De neno, xa mo dicía miña nai: "Non se pode ter todo"; engado eu que non toda perda é reversible. Botar abaixo o Gran Teatro —tiña disposición, amplitude, acceso— foi perda no seu día e condicionou o futuro; pero estas cousas nin se consideran. Tanto nos afixemos a tirar comida e roupa case nova (sempre hai máis no comercio) que seica ás infraestruturas é de aplicación a mesma lóxica. E certo mundo político aparenta encantado: non hai responsabilidade que dure.

Haberá un ano, a cousa do auditorio parecía diáfana: grupos municipais a favor, Política Territorial así mesmo. Era aposta fácil que acabaría en San Fernando e habería financiamento. A pega do Colexio de Arquitectos, certa oposición social moi contextualizada non agoiraban dificultade maior. De súpeto, a Dirección Xeral de Patrimonio interrompe o proceso e un inesperado Icomos advirte de que o proxecto, de aplicarse, situaría en risco o recoñecemento internacional e institucional da muralla. A volta completa.

O alcalde de Lugo, en mal día, ataca o ata daquela enxalzado Felipe Arias e cuestiona o papel do organismo asesor: onde estaba o Icomos, pregunta, cando se construíu o edificio sindical (o edificio existía sendo eu neno e o Icomos foi fundado no 1964). Dálle culpa tamén a un BNG que, tan sorprendido coma o mesmo alcalde, procura un complicadísimo equilibrio entre respecto a Patrimonio e apoio a San Fernando. Segundo o PP, todo era enredo bipartido, ben me entenden.

> *"Non haberá gran escenario no casco histórico porque anos atrás derrubouse o que tiñamos"*

Semella xa cuestión pasada e resolta; o auditorio, verosimilmente, construirase en Magoi e malia todo o dito anteriormente a min paréceme ben. Non haberá gran escenario no casco histórico porque anos atrás derrubouse o que tiñamos. Unha instalación para todo evento —o corrente e mailo extraordinario— precisa volume e espazo; a distancia entre barrios, en Lugo, resulta impedimento non moi relevante. Con ou sen lugar para conferencia e pequeno espectáculo, seguramente no cuartel de San Fernando estará o Museo da Romanización que desde o primeiro suxería algunha respectable voz; por exemplo, seica Felipe Arias.

Pero o estimulante da vida moderna é que rara vez para quieta. Na Porta de Santiago, onda a sede do Vicerrectorado, levántase agora unha estrutura que soborda a muralla e interfire a vista da catedral desde a Ronda; a semana pasada, sóubose que un longo suco, ou roza, está sendo practicado no pé do propio monumento. Xa que Patrimonio autoriza, e o Icomos non se pronuncia, xorde a comparanza, igual volve o receo. Causa non faltaría, razón se cadra.

Eu non vou comparar, xaora, o efecto óptico —innegable e negativo, porén— da nova armazón co presumible da cúpula en San Fernando; moito menos con obra tanto máis agresiva coma irreparable, o ambulatorio na Praza do Ferrol. Unha incisión no paramento da muralla pode resultar precisa, os restos musealizables merecen todo o coidado. Cómpre manter ademais algunha confianza nos técnicos, sobre todo cando non deron motivo en contrario.

Posiblemente chamar polo Icomos non é proporcionado. Ora ben, os xestores debían explicarse, principalmente se o diego de agora pode aparentar contraditorio co digo de antes. Como gratifica un argumento a tempo... Canto mal fan, ás veces, rumor e sospeita.

# Joyas al peor postor

## Una web creada por tres lucenses triunfa en internet con un sistema de subastas a la baja que entregó una 'PlayStation 3' por 0,67 euros

PAULA VILARIÑO

Adjudicar un artículo al mejor postor es el fundamento de cualquier subasta, una actividad que se expande por internet a pasos agigantados y que gana adeptos con cada nueva oferta. Sin embargo, invertir su funcionamiento tradicional, sin perder un ápice de atractivo, es una apuesta novedosa convertida en realidad por tres hermanos lucenses.

Desde el pasado abril, Laura, Teresa y David Calvo Fernández gestionan la web Alabaja.com, un proyecto creado íntegramente en Lugo que ofrece al usuario subastas a la inversa, una práctica creada hace años por algunas empresas americanas que buscaban una salida al exceso de *stock*.

"Se trata de una subasta normal", explica Laura Calvo, "pero la novedad es que gana el postor que tenga la puja más baja y única". Es decir, competir por el artículo deseado consiste en realizar la oferta más pequeña que no coincida con la apuesta de otro usuario.

Para acceder a las pujas —que cuestan un euro y se pueden comprar con tarjeta, transferencia bancaria o *paypall*—, el cliente debe registrase gratuitamente en la web. "Así puede comprobar en todo momento cómo va la subasta y las cantidades apostadas por los demas usuarios", explica.

Siguiendo este proceso, muchas personas consiguieron artículos de gama alta a precios simbólicos. "Entre los objetos que ya repartimos", comenta Laura, "están una consola *Play Station 3*, por 0,67 euros, un ordenador portátil, por dos euros, o dos entradas para un concierto de *Police* con una noche de hotel, por tan sólo dos céntimos".


J.VÁZQUEZ
**La lucense Laura Calvo es una de las creadoras del portal Alabaja.com**

### APUNTES

✍ **El portal** Alabaja.com es una empresa familiar creada íntegramente con capital lucense. La web fue diseñada y programada por las firmas Diseñarte y Ardinova, también de Lugo.

✍ **Los creadores** explican que todos los artículos que se subastan son de alta gama —fundamentalmente relacionados con la electrónica— o difíciles de conseguir. Además, todos los objetos que se ofertan son nuevos.

✍ **Actualmente**, los responsables de la web compran los productos que subastan, aunque ya recibieron ofertas de varias empresas para patrocinar las pujas.

Los creadores de Alabaja.com aseguran que el éxito de la web en sus primeros meses de bagaje superó todas sus expectativas. "Actualmente recibimos unas 10.500 visitas al día y estamos en el número 3.500 del *ranking* de webs más visitadas de España. Lo que nos parece sorprendente", dicen.

Tanto es así, que desde principios del presente mes de noviembre, Alabaja.com traspasó las fronteras nacionales para convertirse en "la única web mundial de subastas a la baja" de sus características, dice Laura, "con una versión en inglés que tiene ya 400 usuarios registrados".

### HOY EN LUGO

**10.00.-'Robinson e Crusoe', en la Mostra de Teatro Infantil**
Continúa la XVII Mostra de Teatro Infantil con la representación de la obra *Robinson e Crusoe*, a cargo de *La Machina Teatro*. Auditorio *Gustavo Freire*. **Lugo.**

**12.00.-Se inaugura en Lugo el Espacio Avanza**
El alcalde de Lugo, José López Orozco; el director general para el Desarrollo de la Sociedad de la Información del Ministerio de Industria, David Cierco, y otras autoridades locales y provinciales asisten a la inauguración del Espacio Avanza. Patio del seminario menor. **Lugo**.


**Orozco y Cierco**

**18.15.-Teresa Táboas visita la exposición sobre A Tinería**
La conselleira de Vivenda e Solo, Teresa Táboas, visita la exposición sobre las obras de rehabilitación de A Tinería. Biblioteca Provincial. **Lugo**.

**19.00.-Cuentacuentos en la biblioteca de A Milagrosa**
Continúan las sesiones de cuentacuentos incluidas en el programa de animación a la lectura del Concello con la actuación de Charo Pita, que presenta su *Menú de Contos*. Biblioteca municipal de A Milagrosa. **Lugo**.

**19.00.-Un recital en Maxisterio abre la jornada de jazz**
El Festival de Jazz de Lugo comienza la jornada de hoy con un concierto de *Arredondo Quartet* en el salón de actos de la Escola de Maxisterio (19.00). *Aruán Ortiz Quartet* toca después en el Círculo de las Artes (20.30), mientras que la jornada se cierra con el concierto en directo de *Carlos López Quartet* en el Club *Clavicémbalo* (23.30).


**Teresa Táboas**